



APE GALICIA – NOVAS XANEIRO 2026

- FITUR
- CÁMARA DE COMERCIO. "Los desayunos de la cámara"
- WEBINAR AXUDAS
- PREMIOS FERROZ

APE GALICIA – AXUDAS XANEIRO 2026

- TR301P – Galicia Suma Talento
- IG408H – Atracción de empresas a Galicia (FEDER 2021-2027)
- IG408K – Programa Ticket Innova
- IG408G – Axudas a startups
- IG408B – Préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia 2026-2027
- IG408M – Axudas IA360
- IG408L – Igape Innova
- IG402A – Programa RE-ACCIONA
- IG421A – Galicia Exporta Organismos Intermedios
- IG422A – Selección de entidades colaboradoras FOEXGA
- TR301X – Accions formativas do Sistema de Formación Profesional dos Graos A, B e C para persoas traballadoras ocupadas
- IG622A – Galicia Exporta Empresas 2026
- TR852A e TR852B – Axudas a startups

- **CO300C** – Subvencions para o impulso da innovación e sosenibilidade do comercio local e artesanal.
- **BS324D** – Programa Xuventude Mentoring na empresa
- **TR807K e TR807L** – Financiación de plans de formación.
- **IN421S** – Proxectos de enerxía solar fotovoltaica.
- **IN421L** – Axudas para proxectos de equipo de aproveitamento de enerxías renovables eléctrica e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria.
- **MT975Z** – Axudas para fomentat a sostenibilidade dos establecementos emprendedores de comidas e bebidas...
- **IN519F** – Modernización de estacions de servizo rurais.
- **PE201B** – Axudas destinadas a pemes do sector transformador.
- **PE209F** – Axudas autonómicas a proxectos colectivos para a protección e recuperación da biodiversidade mediante recollida de residuos marinos.
- **IG535A** – Marco de apoio ao acceso ao crédito de pemes.
- **IN417Y** – Subvencións para proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas.
- **TR302A** – Galicia Suma Talento.
- **TR802H e TR358D** – Programas de apoio ás entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de insercción. Programa I y Programa II.
- **TR811A** – REDE EUSUMO.
- **TR880A** – Axudas ao emprendemento.
- **IG408J** – Préstamos parcialmente reembolsables para proxectos empresariais de inversion das pemes previstos no Instrumento financeiro do Programa do Fondo de Transición Justa de España 2021-2027.
- **TR802L** – Bono consolida economía social.
- **PE209G** – Axudas autonómicas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos fondeadoiros.
- **IN223A** – Subvencións para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos.
- **PE610A** – Axudas para accións formativas que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro.

FITUR

O presidente de **APE Galicia**, **José Ramón Caldas Martínez**, e a vicepresidenta, **Silvia Crespo**, asistiron á feira **FITUR**, participando en encontros e actividades para promocionar o emprendemento e representar os intereses das persoas traballadoras autónomas galegas.

CÁMARA DE COMERCIO. “ LOS DESAYUNOS DE LA CÁMARA ”

O presidente de **APE Galicia**, **José Ramón Caldas Martínez**, e a vicepresidenta, **Silvia Crespo**, participaron nun almorzo de traballo na Cámara de Comercio de Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, xunto a D. Alberto Nadal, vicesecretario de Economía e Desenvolvemento Sostible do PP, que ofreceu unha panorámica da economía global, europea e española.

Durante o encontro, trasladaron de primeira man os retos e preocupacións das persoas autónomas galegas, abríndose a oportunidade dunha **reunión posterior en Madrid** para abordar en profundidade estas cuestións.



Estas accións permiten a asociación estar ao día das novidades e favorecer o emprendemento en Galicia.

PREMIOS FEROZ

O presidente de **APE Galicia**, **José Ramón Caldas Martínez**, asistiu este ano á entrega dos **Premios Feroz**, un evento destacado no panorama cultural español. A súa presenza reflicte o compromiso da asociación co apoio á cultura e á visibilidade de Galicia en actos de repercusión nacional

WEBINAR AXUDAS

APE Galicia participou recentemente en varios **webinars** informativos para apoiar ao colectivo autónomo galego e dar a coñecer novas oportunidades de financiamento, entre eles:

- *Webinar Axudas IGAPE Innova e Ticket Innova 2026*
- *Webinar Programa Foexga 2026*
- *Webinar Axudas para a atracción de empresas e startups*

AXUDAS XANEIRO 2026

TR301P – Galicia Suma Talento

Esta axuda da Xunta de Galicia financia accións formativas para persoas desempregadas promovidas por empresas, cun compromiso de contratación posterior dunha parte do alumnado. A formación debe estar relacionada cos postos reais da empresa e a contratación debe realizarse en Galicia. As axudas concédense por orde de solicitude, ata esgotar o orzamento, e tramítanse exclusivamente por vía electrónica a través de SIFO.

Inicio do prazo: 8 de xaneiro de 2026

Vixencia das bases: ata o 31 de decembro de 2029

IG408H – Atracción de empresas a Galicia (FEDER 2021-2027)

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo **impulsar grandes proxectos de investimento empresarial en Galicia**, fomentando a actividade económica e a creación e mantemento de emprego. Está dirixida a **pem es** que realicen investimentos en centros de traballo situados en Galicia, apoiando tanto investimentos produtivos como a creación de emprego indefinido. As axudas concédense en **concorrenza non**

competitiva, por orde de solicitude e ata esgotar o crédito, e están **cofinanciadas** pola Unión Europea a través do Programa Galicia FEDER 2021-2027.

Inicio do prazo: 28 de xaneiro de 2026 (09:00 h)

Fin do prazo: 30 de setembro de 2026 (14:00 h)

IG408K – Programa Ticket Innova

Esta axuda da Xunta de Galicia está dirixida a **pem es galegas** para impulsar a **innovación e o desenvolvemento tecnolóxico**, especialmente nos sectores tradicionais, mediante a contratación de **servizos externos especializados en innovación**. O programa fomenta a transferencia de tecnoloxía entre empresas e centros tecnolóxicos, co obxectivo de mellorar a produtividade, o crecemento e a competitividade empresarial. As axudas concédense en **concorrenza non competitiva**, por orde de solicitude e ata esgotar o crédito.

Inicio do prazo: 26 de xaneiro de 2026 (09:00 h)

Fin do prazo: 30 de setembro de 2026 (14:00 h)

IG408G – Axudas a startups

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo **fomentar a actividade das startups galegas ou con centro de traballo en Galicia**, subvencionando **gastos e investimentos vinculados a proxectos innovadores e escalables**. Está dirixida a **empresas emerxentes de recente creación**, incluídas as de base tecnolóxica, e concede financiamento para apoiar o seu crecemento e consolidación. As axudas concédense en **concorrenza non competitiva**, por orde de solicitude e ata esgotar o crédito.

Inicio do prazo: 28 de xaneiro de 2026 (09:00 h)

Fin do prazo: 30 de setembro de 2026 (14:00 h)

IG408B – Préstamos directos para o financiamento empresarial en Galicia 2026-2027

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo facilitar préstamos directos a empresas galegas ou con centro de traballo en Galicia para investimentos produtivos, concentración empresarial e sucesión de empresas, desenvolvemento tecnolóxico e innovación, e financiamento operativo. Está

dirixida a pemes, grandes empresas, autónomos e outras entidades que cumpran os requisitos legais e concede financiamento en concorrenza non competitiva, por orde de solicitude e ata esgotar o crédito.

Inicio do prazo: sexto día hábil tras publicación no DOG (09:00 h)

Fin do prazo: 1 de decembro de 2026 (14:00 h)

IG408M – Axudas IA360

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo fomentar a innovación empresarial mediante o desenvolvemento experimental e a aplicación da intelixencia artificial no tecido industrial galego e nas súas cadeas de valor, especialmente en sectores estratéxicos ou de especial relevancia. Está dirixida a PEMES e grandes empresas galegas ou con centro de traballo permanente en Galicia, co fin de impulsar proxectos de desenvolvemento de produtos, servizos e procesos baseados en IA para mellorar a produtividade e competitividade.

Inicio do prazo: día seguinte á publicación no DOG, 9:00 h

Fin do prazo: dous meses despois, ás 14:00 h

IG408L – Igape Innova (Axudas á capacidade de innovación das empresas 2026-2027)

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo incrementar a capacidade innovadora das empresas galegas mediante a introdución de innovacións significativas que melloren a súa competitividade. Financia plans de deseño e innovación, incluíndo mellora de procesos e organización, creación de produtos e servizos tecnoloxicamente avanzados, e incorporación de coñecementos e tecnoloxías innovadoras. Está dirixida a PEMES e grandes empresas galegas ou con centro de traballo en Galicia, e concédese en réxime de concorrencia competitiva, atendendo a criterios de valoración establecidos na convocatoria.

Inicio do prazo: sexto día hábil posterior á publicación no DOG, 09:00 h

Fin do prazo: 1 mes despois ás 14:00 h

IG402A – Programa RE-ACCIONA

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo facilitar a execución de servizos profesionais de asesoramento especializado para empresas galegas mediante entidades colaboradoras. Está

dirixida a PEMES galegas, incluíndo autónomos, comunidades de bens, asociacións, fundacións ou unidades económicas sen personalidade xurídica, sempre que desenvolvan actividade empresarial e teñan centro de traballo en Galicia. As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva, por orde de solicitude e ata esgotar o crédito.

Inicio do prazo: sexto día hábil posterior á publicación no DOG, 09:00 h

Fin do prazo: 30 de setembro de 2026, 14:00 h

IG421A – Galicia Exporta Organismos Intermedios

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo promover proxectos de internacionalización impulsados por organismos intermedios, reforzando a presenza e competitividade das empresas galegas nos mercados internacionais. Está dirixida a organismos intermedios empresariais de Galicia e ás pemes que participen nas accións subvencionadas, cumprindo os requisitos legais e tendo centro de traballo en Galicia. As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva, por orde de solicitude e ata esgotar o crédito.

Inicio do prazo: 28 de xaneiro de 2026,
09:00 h
Fin do prazo: 30 de setembro de 2026,
14:00 h

IG422A – Selección de entidades colaboradoras FOEXGA

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo reforzar o crecemento sostible e a competitividade das pemes galegas, así como fomentar a creación de emprego mediante investimentos produtivos, dentro do marco de transformación económica innovadora e intelixente en Galicia. Está dirixida a entidades colaboradoras que xestionarán as axudas FOEXGA.

Inicio do prazo: día seguinte hábil ao remate do prazo de adhesión das entidades colaboradoras, desde as 09:00 h
Fin do prazo: 30 de outubro de 2026,
14:00h

TR301X – Accions formativas do Sistema de Formación Profesional dos Graos A, B e C para persoas traballadoras ocupadas

Esta convocatoria da Xunta de Galicia ten como obxectivo subvencionar accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos Graos A, B e C, así como

competencias clave, destinadas a persoas traballadoras ocupadas. Está dirixida a empresas e entidades sen ánimo de lucro acreditadas ou inscritas para impartir estas formacións, xa sexa en modalidade presencial ou virtual, garantindo os requisitos de infraestruturas, persoal docente e número mínimo de participantes.

Inicio do prazo: 20 de xaneiro de 2026
(09:00 h)
Fin do prazo: 30 de setembro de 2026
(20:00 h)

IG622A – Galicia Exporta Empresas 2026

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo apoiar a internacionalización das empresas galegas, especialmente das pemes, mediante a realización de accións de promoción exterior que melloren a súa competitividade e presenza nos mercados internacionais, incluíndo feiras, misións comerciais, prospección de mercados, certificacións e adaptación dixital para e-commerce. As solicitudes concédense en réxime de concorrencia non competitiva, por orde de presentación e ata esgotar o crédito.

Inicio do prazo: oitavo día hábil posterior á publicación no DOG (09:00 h)

Fin do prazo: 30 de setembro de 2026
(14:00 h)

TR852A e TR852B – Axudas a startups

Estas axudas teñen como obxectivo apoiar accións de formación e actividades de asesoramento no ámbito da prevención de riscos laborais, tanto de carácter intersectorial como sectorial, conforme á Lei 31/1995. Están divididas en dúas liñas principais:

- **TR852A:** formación e asesoramento en prevención de riscos laborais.
 - Sublínea I.1: intersectorial.
 - Sublínea I.2: sectorial.
- **TR852B:** realización de actividades de promoción, sensibilización, estudos e elaboración de ferramentas innovadoras en prevención de riscos laborais.
 - Sublínea II.1: intersectorial.
 - Sublínea II.2: sectorial.

Inicio do prazo: 14/01/2026 (00:00 h)

Fin do prazo: 13/02/2026 (23:59 h)

TR301K – Accións formativas do Sistema de Formación Profesional para persoas desempregadas

Esta convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, financia accións formativas do Sistema de Formación Profesional dos graos A, B e C dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas para os anos 2026 e 2027. As bases reguladoras están recollidas na Orde do 8 de xullo de 2025.

Características da axuda:

- As entidades deberán estar acreditadas no Rexistro de Centros e Entidades de Formación da Comunidade Autónoma de Galicia ou no rexistro estatal no caso de formación virtual.
- Para ser beneficiaria, respecto da última convocatoria regulada pola Orde de bases do 8 de xullo de 2025:
 - Non ter incumprimento total do expediente.
 - Ter comunicado e iniciado máis do 60 % das prazas financiadas respecto do total das accións formativas concedidas (non se computan renuncias xustificadas).

Inicio do prazo: 20/01/2026 (09:00 h)

Fin do prazo: 30/11/2026 (20:00 h)

CO300C – Subvencións para o impulso da innovación e a sustentabilidade do comercio local e artesanal

Esta convocatoria ten como obxectivo impulsar a dixitalización, innovación, modernización e sustentabilidade ambiental do comercio local e artesanal, incluíndo a creación ou mellora de páxinas web, con ou sen venda en liña, cumprindo requisitos técnicos específicos.

Características da axuda:

- Páxinas web con dominio propio por un ano, aloxamento (hosting) seguro con SSL e protocolo https, e mínimo 4 seccións (inicio, empresa, servizos ou produtos, contacto).
- Web autoxestionable, responsive, con ligazóns a redes sociais, optimización SEO básica, imaxes optimizadas e analítica web.
- Para páxinas con venda en liña: sistema de xestión de vendas, sincronización co establecemento, dispoñibilidade mínima do 50 % das referencias físicas e pasarela de pagamento.
- Exclúense solucións cloud propietarias pechadas; a web debe ser propiedade do negocio.

Inicio do prazo: 16/01/2026 (09:00 h)

Fin do prazo: 16/02/2026 (20:00 h)

BS324D – Programa Xuventude Mentoring na Empresa

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo apoiar programas de estadías formativas para persoas xóvenes en empresas ou entidades públicas ou privadas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia. As solicitudes destínanse a entidades privadas sen ánimo de lucro e a concellos ou entidades locais, asegurando unha correcta xestión das estadías e o cumprimento das obrigas fiscais, de Seguridade Social e de contabilidade.

Inicio do prazo: día seguinte á publicación da orde no DOG

Fin do prazo: un mes despois do inicio do prazo

TR807K e TR807L – Axudas para plans de formación sobre diálogo social e negociación colectiva

Estas axudas da Xunta de Galicia teñen como obxectivo financiar plans de formación compostos por actividades formativas para a capacitación no desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social e a negociación colectiva. As solicitudes están destinadas a organizacións sindicais e empresariais, así como ás fundacións ou entidades constituídas por estas para o cumprimento dos seus fins, xa sexa a nivel intersectorial (TR807K) ou sectorial (TR807L).

Inicio do prazo: 16 de xaneiro de 2026 (00:00 h)

Fin do prazo: 16 de febreiro de 2026 (23:59 h)

IN421S – Proxectos de enerxía solar fotovoltaica

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo apoiar proxectos de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables, limitados a instalacións para a xeración de electricidade mediante paneis solares fotovoltaicos. Poden ser beneficiarias entidades locais, entidades sen ánimo de lucro, empresas legalmente constituídas e autónomos, incluídas empresas de servizos enerxéticos que xestionen instalacións de consumo de enerxía e cumpran os requisitos legais.

Inicio do prazo: 20 de xaneiro de 2026 (09:00 h)

Fin do prazo: un mes desde o inicio do prazo, prorrogable ao primeiro día hábil se o último día é inhábil

IN421L – Axudas para proxectos de equipos de aproveitamento de enerxías renovables eléctricas e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas de produción agrícola primaria

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo apoiar a instalación de equipos de aproveitamento de enerxías renovables eléctricas e proxectos de aforro e eficiencia enerxética en empresas do sector de produción agrícola primaria. Poden ser beneficiarias empresas legalmente constituídas ou autónomos con domicilio ou centro de traballo en Galicia, así como empresas de servizos enerxéticos que xestionen instalacións de consumo de enerxía e cumpran os requisitos legais.

Inicio do prazo: 20 de xaneiro de 2026 (09:00 h)

Fin do prazo: un mes desde o inicio do prazo, prorrogable ao primeiro día hábil se o último día é inhábil (23:59 h)

MT975Z – Axudas para fomentar a sustentabilidade dos establecementos expendedores de comidas e bebidas no litoral de Galicia

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo apoiar a sustentabilidade dos establecementos expendedores de comidas e bebidas vinculados ao dominio público marítimo-terrestre e á súa servidume de protección, promovendo que evolucionen cara a instalacións sostibles e respectuosas co contorno natural. Poden ser beneficiarias persoas traballadoras autónomas, sociedades de calquera clase, incluídas unipersoais e comunidades de bens, que teñan dispoñibilidade dun establecemento autorizado no litoral galego.

Inicio do prazo: 7º día hábil posterior á publicación no DOG (12:00 h)

Fin do prazo: un mes desde o inicio do prazo

IN519F – Axudas para a modernización tecnolóxica e dixital en estacións de servizo rurais de Galicia 2026

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo apoiar a modernización tecnolóxica e dixital das estacións de servizo situadas en áreas rurais ou pouco poboadas, mellorar a súa seguridade, aumentar a eficiencia operativa e

fomentar o desenvolvemento económico mediante tecnoloxías innovadoras. Poden ser beneficiarias pymes legalmente constituídas e persoas autónomas titulares de estacións de servizo que cumpran os requisitos de localización, CNAE, persoal mínimo e rexistro en distribución de combustibles.

Inicio do prazo: día seguinte á publicación no DOG

Fin do prazo: 45 días naturais desde o inicio do prazo

PE201B – Axudas para pemes do sector transformador de produtos da pesca e acuicultura 2026-2027

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo apoiar investimentos en pemes do sector transformador de produtos da pesca e acuicultura que melloren a calidade, eficiencia enerxética, sustentabilidade ambiental, hixiene, saúde e condicións laborais, fomenten a economía circular, a transformación ecolóxica e a innovación en produtos, procesos e xestión. As solicitudes concédense en réxime de concorrencia competitiva.

Anualidade 2026: 5.000.000 €

Anualidade 2027: 9.000.000 €

Inicio do prazo: día seguinte á publicación no DOG

Fin do prazo: un mes desde o inicio do prazo, prorrogable ao primeiro día hábil se é inhábil

PE209F – Axudas para proxectos colectivos de recollida de residuos mariños 2022

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo apoiar proxectos colectivos, financiados polo FEMP, que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos mariños coa participación do sector da pesca. As solicitudes concédense en réxime de concorrencia competitiva.

Persoas beneficiarias:

- Confrarías de mariñeiros, organizacións de produtores pesqueiros e entidades asociativas constituídas por persoas pescadoras ou mariscadoras en Galicia.
- Organizacións non gobernamentais sen ánimo de lucro con ámbito de actuación en Galicia, colaborando coas entidades do sector pesqueiro.
- Grupos de acción local do sector pesqueiro recoñecidos pola Consellería do Mar, en colaboración con ONG ou entidades do sector pesqueiro.

Inicio do prazo: día seguinte á publicación no DOG

Fin do prazo: un mes desde o inicio do prazo, prorrogable ao primeiro día hábil se é inhábil

IG535A – Financiamento Igape-pemes (2026-2028)

Esta axuda do Igape ten como obxectivo facilitar o acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas (pemes) con centro de traballo en Galicia, apoiando investimentos produtivos, circulante estruturado e obtención de garantías ou avais técnicos. O financiamento realízase en colaboración coas sociedades de garantía recíproca (SGR) e entidades financeiras adheridas. As solicitudes concédense en réxime de **concorrencia non competitiva**, por orde de presentación e ata esgotar o crédito.

Características da axuda:

- **Reavales para préstamos ao crecemento das pemes:** préstamos a longo prazo para investimentos produtivos e/ou circulante estruturado; o Igape poderá reavaluar ata un 25 % do risco asumido pola SGR; posible bonificación de tipos de xuro e comisións.
- **Garantías e avais técnicos:** apoio para obtención de financiamento, garantías ante terceiros ou avais técnicos necesarios para a actividade empresarial.

Inicio do prazo: sexto día hábil posterior á publicación no DOG (09:00 h)

Fin do prazo: 30 de setembro de 2026 (14:00 h), ou antes se se esgota o crédito

IN417Y – Axudas para aforro e eficiencia enerxética nas empresas 2026

Esta axuda da Xunta de Galicia ten como obxectivo apoiar proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas galegas, incluíndo a posibilidade de contratar empresas de servizos enerxéticos. Poden ser beneficiarias empresas e persoas autónomas con centro de traballo en Galicia que cumpran os requisitos de autonomía e demais condicións legais.

Inicio do prazo: 8º día hábil tras publicación no DOG

Fin do prazo: 15 de setembro de 2026, 20:00 h

TR302A – Accións formativas para persoas traballadoras ocupadas 2023-2025

Esta axuda da Xunta de Galicia apoia accións formativas do Plan de formación para o emprego dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas. Poden ser beneficiarias entidades de formación inscritas no Rexistro de Centros e Entidades de Formación de Galicia ou, no caso de teleformación, no Rexistro Estatal, que dispoñan das instalacións necesarias e cumpran os requisitos legais e económicos.

Inicio do prazo: día de entrada en vigor da convocatoria

Fin do prazo: data límite establecida na convocatoria ou ata esgotar crédito.

TR802H e TR358D – Axudas de apoio ás entidades asociativas da economía social en Galicia

Estas axudas da Xunta de Galicia teñen como obxectivo sufragar os gastos de funcionamento e organización interna das asociacións representativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción. Poden ser beneficiarias as asociacións destes sectores segundo o programa correspondente.

Inicio do prazo: día seguinte á publicación no DOG (03/02/2026)

Fin do prazo: un mes desde o inicio do prazo.

TR811A – Axudas a entidades colaboradoras da Rede Eusumo para promover o cooperativismo

Estas axudas da Xunta de Galicia teñen como obxectivo apoiar actividades de formación, divulgación e asesoramento para impulsar o cooperativismo e a economía social. Poden ser beneficiarias asociacións de economía social, concellos e entidades locais, cámaras de comercio, universidades, fundacións e organizacións profesionais, empresariais e sindicais.

Inicio do prazo: día seguinte á publicación no DOG (03/02/2026)

Fin do prazo: un mes desde o inicio do prazo.

TR880A – Axudas de apoio ao emprendemento en Galicia

Estas axudas da Xunta de Galicia teñen como obxectivo apoiar iniciativas de emprendemento e mellorar a competitividade de persoas autónomas e pequenas e medianas empresas, incluídas cooperativas e sociedades laborais,

que iniciasen a súa actividade económica desde o 1 de xaneiro de 2024. A subvención financia investimentos realizados e pagados entre o 1 de xullo de 2025 e a data de solicitude.
Inicio do prazo: día seguinte á publicación no DOG
Fin do prazo: 2 de marzo de 2026.

IG408J – Préstamos parcialmente reembolsables para proxectos de investimento creadores de emprego na Coruña

Estas axudas teñen como obxectivo financiar proxectos de investimento de pemes na provincia da Coruña que xeren emprego, mediante préstamos parcialmente reembolsables cofinanciados polo Fondo de Transición Xusta 2021-2027. Poden ser beneficiarias pemes e tamén agrupacións ou comunidades de bens que realicen un investimento mínimo de 60.000 €. **Inicio do prazo:** 6º día hábil tras a publicación no DOG (30/01/2026)
Fin do prazo: tres meses desde o inicio do prazo (ata as 14:00 h do último día)

TR802L – Bono Consolida Economía Social

Estas axudas da Xunta de Galicia teñen como obxectivo apoiar a consolidación das entidades da economía social, mellorando a súa competitividade mediante transformación dixital e eficiencia enerxética, mantendo emprego de calidade. Poden ser beneficiarias cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego con antigüidade mínima de 42 meses e inscritas nos rexistros correspondentes.
Inicio do prazo: 8º día hábil tras a publicación no DOG (ás 9:00 h)
Fin do prazo: dous meses desde o inicio (ata as 20:00 h)

PE209G – Axudas para modernización de infraestruturas pesqueiras em Galicia

Estas axudas da Xunta de Galicia teñen como obxectivo apoiar proxectos colectivos de modernización e mellora de portos pesqueiros, lonxas, lugares de desembarque e fondeadoiros, promovendo eficiencia enerxética, seguridade e sustentabilidade. Poden ser beneficiarias confrarías de pescadores, cooperativas e asociacións profesionais do sector pesqueiro sen ánimo de lucro con sede en Galicia.
Inicio do prazo: día seguinte á publicación no DOG (28/01/2026)
Fin do prazo: un mes desde o inicio do prazo

IN223A – Subvencións para mercados excelentes e revitalización das prazas de abastos en Galicia

Estas axudas da Xunta de Galicia teñen como obxectivo impulsar unha rede de Mercados Excelentes e dinamizar e revitalizar as prazas de abastos. Poden ser beneficiarios concellos con mercado excelente (ou en proceso), federacións e asociacións sen ánimo de lucro das prazas de abastos e cooperativas de vendedores/as en Galicia.
Inicio do prazo: 2 de febreiro de 2026 (ás 9:00 h)
Fin do prazo: un mes desde o inicio (ata as 20:00 h do último día)

PE610A – Axudas para accións formativas no sector pesqueiro en Galicia

Estas axudas da Xunta de Galicia teñen como obxectivo apoiar accións formativas que impulsen a formación profesional, novas competencias e formación permanente no sector pesqueiro. Poden ser beneficiarias confrarías de pescadores, cooperativas do mar, organizacións de produtores e asociacións profesionais do sector con sede en Galicia.

Inicio do prazo: 5º día hábil tras a publicación no DOG

Fin do prazo: 20 de outubro de 2026



Para mais información, visita a nosa web:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



<https://www.instagram.com/apegalicia/>

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gagos de
Mendoza N^o2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

